

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 21 DE XUÑO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora de seguridade viaria (MSV) no contorno do tramo de concentración de accidentes na estrada PO-308, p.q. 8+700 a 12+700, de clave: PO/17/144.06, nos concellos de Poio e Sanxenxo.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada provincial EP-9204 avenida de Luis Rocafort (comunica paseo da praia Silgar ata a rotonda) cunha lonxitude total de 590 metros, a prol do Concello de Sanxenxo.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2018/19.
- Decreto polo que se nomea a Rosario Álvarez Blanco presidenta do Consello da Cultura Galega.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Catedral de Santiago para a realización dunha obra compilatoria para a promoción do Xacobeo 2021, por importe total de douscentos dez mil euros (210.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de xestión do Centro Integrado de Atención de Emerxencias 112 Galicia (CIAE 112 Galicia), polo importe de sete millóns cincocentos sesenta e oito mil seiscentos sesenta e dous euros con cincuenta céntimos (7.568.662,50€), IVE incluído, e cun valor estimado de dezasete millóns oitocentos vinte e sete mil quince euros (17.827.015 €), IVE excluído.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para modificar a encomenda á sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., para a xestión e mantemento da Rede dixital de emerxencias e seguridade de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Orde da Consellería de Infraestruturas e Vivenda pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se convocan para o ano 2018, con carácter plurianual, por importe total de catorce millóns oitocentos mil euros (14.800.000 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, con respecto ao proxecto da orde pola que se procede á segunda convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas (código de procedemento TR301P), por un importe global dun millón oitocentos mil euros (1.800.000 €).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía, Emprego e Industria a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, con respecto ao proxecto de orde pola que se procede á segunda

convocatoria das subvencións do Programa de incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, por un importe global de dous millóns douscentos cincuenta mil euros (2.250.000,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACION UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña Aspanaes para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado aos centros de educación especial Aspanaes A Coruña, ASPANAES Duques de Lugo, Aspanaes Ferrol e Aspanaes As Pontes, polo importe máximo de douscentos sesenta e tres mil setecentos oito euros con doce céntimos (263.708,12€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Manzaneda para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo situado no concello, polo importe máximo de vinte e tres mil cento corenta euros (23.140 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Oroso para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo situado no concello, polo importe máximo de cincuenta e tres mil catrocentos euros (53.400 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ponteareas para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo situado no concello, polo importe máximo de sesenta e sete mil seiscentos corenta euros (67.640 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre unha nova proposta para impulsar o deseño a través da innovación.
- Informe sobre as resolucións das convocatorias de axudas a proxectos de enerxías renovables destinados a empresas, institucións sen ánimo de lucro e Administración local, e de aforro e eficiencia enerxética na industria, servizos e sector agrícola, ano 2018.
- Informe sobre a resolución da convocatoria de axudas para a organización de cursos de formación Industria 4.0.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA ENTRE O ACCESO AO PEIRAO DO COVELO E O MIRADOIRO DA GRANXA, ENTRE OS CONCELLOS DE POIO E SANXENXO

- *O Goberno galego financiará esta actuación de eliminación dun treito de concentración de accidentes, cuxa licitación se prevé nas vindeiras semanas, mediante a achega económica de máis de 1,8 millóns de euros*
- *As principais actuacións que se realizarán no tramo da estrada PO-308, Pontevedra-A Lanzada, consistirán na mellora das interseccións nas cales se produce unha parte importante dos accidentes rexistrados nesta estrada*
- *Ente as intervencións proxectadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda destaca a execución dunha semiglorieta no acceso ao peirao do Covelo e unha glorieta na intersección coa PO-303 en Samieira*
- *O proxecto inclúe ademais a construción dun carril central na intersección co camiño Salgueiral e o acceso á praia de Laño, así como a execución dunha segunda glorieta para acceso ao porto de Raxó*
- *Esta obra é complementaria co itinerario peonil e ciclista na mesma estrada, entre O Covelo e Raxó, que a Consellería licitou recentemente*
- *Dentro da estratexia da Xunta de supresión dos “puntos negros” das estradas autonómicas, prevese acometer outro proxecto de mellora da seguridade viaria desde o Miradoiro da Granxa ata a entrada do núcleo de Sanxenxo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola mellora da seguridade viaria na estrada PO-308 (Pontevedra–A Lanzada), entre o a intersección coa rúa de acceso ao peirao do Covelo e o miradoiro da Granxa, entre os concellos de Poio e Sanxenxo.

O Goberno galego financiará esta actuación, cuxa licitación se prevé nas vindeiras semanas, mediante a achega económica de máis de 1,5 millóns de euros, aos cales hai que engadir o orzamento estimado para as expropiación dos 83 predios necesarios para a mellora da seguridade viaria nesta estrada autonómica, de preto de 300.000 euros

Trátase dun proxecto que define actuacións para a mellora da seguridade viaria nun treito de concentración de accidentes, redactado no marco da estratexia que está a desenvolver a Xunta para intentar reducir os treitos de concentración de accidentes da rede autonómica de estradas.

As principais actuacións neste tramo consistirán na mellora das interseccións en que se producen unha parte importante dos accidentes rexistrados nesta estrada, para o

que se executará unha semiglorigieta no acceso ao peirao do Covelo e unha glorigieta na intersección coa PO-303 en Samieira, que permitirá calmar o tráfico e a realización dos xiros en condicións máis seguras, dado que a proximidade dun cambio de rasante fai que actualmente a visibilidade sexa reducida.


Esta intervención proxectada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda prevé ademais a construción dun carril central na intersección co Camiño Salgueiral e o acceso á praia de Laño, así como a execución dunha segunda glorigieta para acceso ao porto de Raxó, que incluírá a construción dun novo acceso e a eliminación do actual.

O proxecto incluírá tamén a mellora doutras interseccións, mediante a execución de cuñas de aceleración e desaceleración, para facilitar a incorporación e saída da estrada; tamén se executarán pequenos tramos de sendas, complementarios á mellora das interseccións.

É importante salientar que unha parte deste treito atópase no ámbito do itinerario peonil e ciclista na PO-308, entre O Covelo e Raxó, no concello de Poio, que a Xunta licitou a finais do pasado mes febreiro, e que se encaixa no Plan de sendas que está a desenvolver a Xunta para fomento da mobilidade sustentable nas estradas autonómicas. As obras definidas nos dous proxectos, que son complementarias, estarán perfectamente coordinadas.

Tamén hai que resaltar que, dentro da estratexia que se está a desenvolver para intentar reducir a accidentalidade nos “puntos negros” da rede autonómica de estradas, neste momento está a supervisar o proxecto construtivo de mellora da seguridade viaria na PO-308, que actúa desde o punto no que finaliza este proxecto ata a entrada a Sanxenxo (p.q. 12+400 ao 15+400), que xa superou o trámite de información pública.

Salientar que estas intervencións se enmarcan dentro do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020, que o Goberno galego está a desenvolver para intentar reducir ata 2020 a accidentalidade dos treitos cualificados coma tramos de concentración de accidentes (TCA) das estradas de titularidade autonómica. Para iso, está prevista a execución de aproximadamente 40 actuacións en 90 km, cun investimento que superará os 12 millóns de euros, no horizonte desta legislatura.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A TRANSFERENCIA DA AVENIDA LUÍS ROCAFORT A PROL DO CONCELLO DE SANXENXO

- *A estrada de titularidade provincial, avenida de Luís Rocafort, constitúe unha das arterias deste municipio, ao comunicar o paseo de Silgar co centro de Sanxenxo e coa estrada Pontevedra-A Lanzada (PO-308)*
- *O Concello de Sanxenxo e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio para a urbanización desta avenida, co compromiso de transferir a titularidade da vía a prol do municipio unha vez rematados os traballos*
- *As actuacións xa remataron e asinouse a acta de recepción o 29 de decembro de 2017. Aprobouse en febreiro a proposta de transferencia por parte do Pleno e remitiuse á Xunta para a súa autorización*
- *A entrega da estrada formalizarase, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no DOG, mediante a sinatura da acta de entrega*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia da avenida Luís Rocafort desde a Deputación Provincial de Pontevedra a prol do Concello de Sanxenxo.

O Concello de Sanxenxo e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio o día 28 de abril de 2016 para a urbanización da avenida Luís Rocafort. No convenio establécese que unha vez rematadas as obras se iniciara a transferencia da vía a prol do Concello de Sanxenxo.

A estrada de titularidade provincial EP-9204, avenida de Luís Rocafort, constitúe unha das arterias principais deste municipio, ao comunicar o paseo de Silgar co centro de Sanxenxo e coa estrada Pontevedra- A Lanzada (PO-308). O tramo que se vai transferir conta cunha lonxitude de 590 metros.

Unha vez rematadas as obras e asinada a acta de recepción con data de 29 de decembro de 2017, o Pleno da Corporación provincial aprobou o 23 de febreiro de 2018 a proposta de cambio de titularidade ao concello, e deu traslado do expediente á Xunta de Galicia.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

A entrega da estrada formalizarase, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia*, mediante a sinatura da acta de entrega.

O ALUMNADO AFORRARÁ, DE MEDIA, MÁIS DE 1200 EUROS AO CURSAR UN MÁSTER HABILITANTE NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao novo decreto de prezos públicos, co que Galicia será a Comunidade co prezo medio máis barato do Estado nestas titulacións, 13,5 euros por debaixo da media estatal*
- *Esta medida permitiría ás familias galegas aforrar máis de 2,6 millóns de euros*
- *Así mesmo, conxélanse o resto dos prezos de matrícula*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao novo decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2018/19, no que a principal novidade é a rebaixa dos prezos de matrícula dos máster habilitantes ata equiparalos aos dos graos. Deste xeito, Galicia será a Comunidade Autónoma cos prezos medios máis baratos do Estado nestas titulacións – 13,5 euros por crédito por debaixo da media estatal, que supera os 25 euros-; ademais de seguir contando cos prezos de matrícula universitaria en xeral máis baratos de España, o que permitirá un aforro acumulado ás familias galegas de máis de 22 millóns de euros respecto do que teñen que afrontar en outras partes do Estado.

En concreto a equiparación dos prezos dos másters habilitantes aos do grao suporá que un alumno que curse un máster profesionalizante no Sistema universitario de Galicia (SUG) aforre, de media, máis de 1200 euros, tanto respecto da media de España como do que aboaba no propio SUG o curso pasado. Neste sentido, o alumnado que cursaba o curso pasado un máster da epígrafe A (a maioría deles vinculados a enxeñaría) tiña que pagar 29,81 euros por crédito, mentres que agora serán 13,93 euros. No caso dos da epígrafe B (máster en Profesorado, en Avogacía e en Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns), pasarán dos 20,25 euros/crédito do curso anterior aos 9,85 euros do próximo.

Deste xeito, o mínimo aforro, de 624 euros, producirase nos másters de 60 créditos da epígrafe B e o máximo, de 1905,6 euros, nos de 120 créditos da epígrafe A. Tendo en conta que estas titulacións son cursadas por máis de 2100 estudantes ao ano, o aforro acumulado nos másters habilitantes para as familias ascenderá a máis de 2,6 millóns de euros.

Ademais, tendo en conta o carácter profesionalizante destas titulacións, a equiparación favorece a culminación dos estudos e a futura inserción laboral de profesionais coa formación necesaria para o tecido económico da comunidade. A medida beneficiará aproximadamente ao 3,7% dos estudantes do SUG.

Conxelación de prezos

O decreto aprobado hoxe no Consello da Xunta establece –ademais da devandita rebaixa- a conxelación total do resto dos prezos públicos de matrícula universitaria por sétimo ano consecutivo. Neste sentido cómpre lembrar que desde 2009/10 o Goberno da Xunta de Galicia optou por incrementar o mínimo posible estas taxas –cando era obrigatorio por lei subilas dentro dunha forquita establecida entre o IPS do ano anterior e o IPC máis catro puntos porcentuais- e por conxelalas directamente, desde o curso 2011/12.

Así, o prezo medio do crédito de grao -as ensinanzas máis concorridas, por máis do 90% do alumnado do SUG- é en Galicia de 11,89 euros, moi por debaixo da media española (18,02 euros/crédito) e da comunidade con prezos máis elevados en promedio, Cataluña, con 33,52 euros/crédito.

No referido aos máster non habilitantes, ou de especialización de coñecementos, os prezos públicos de matrícula do SUG son os cuartos máis baixos de España, de media 26,49 euros, o que supón 7,43 euros por debaixo da media nacional. Estas ensinanzas, que non son obrigatorias para exercer unha profesión, cúrsanas un 6,19% de alumnos do sistema.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE NOMEAMENTO DE ROSARIO ÁLVAREZ COMO PRESIDENTA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Rosario Álvarez Blanco presidenta do Consello da Cultura Galega, tras ser elixida no pleno extraordinario desta institución do día 31 de maio de 2018. Vicepresidenta do CCG desde 2010, sucede na Presidencia ao profesor Ramón Villares, que a ocupou desde 2006 ata a actualidade.

Rosario Álvarez Blanco naceu en Pontevedra en 1952 e é licenciada en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), onde é catedrática na área de Filoloxías Galega e Portuguesa. Neste eido, forma parte do equipo do Atlas Lingüístico Galego (ALGa), é investigadora principal do equipo redactor da gramática da Real Academia Galega e é coautora de dúas gramáticas do galego. Así mesmo, é directora do Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués, codirectora do proxecto *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna* e responsable do proxecto *Gallaeciae Monumenta Historica*. Tamén dirixe a revista *Estudos de Lingüística Galega*.

Entre outras responsabilidades, foi vicerreitora de profesorado da USC (1990/1994), directora do Departamento de Filoloxía Galega (1995/99) e directora do Instituto da Lingua Galega (2005/2013). Así mesmo, desde o ano 2003 é membro da Real Academia Galega, con funcións de coordinadora do Seminario de Gramática (desde 2003), tesoureira (2013-2017) e directora da Sección de Lingua (desde 2013).

TURISMO DE GALICIA IMPULSARÁ A MAIOR OBRA DE ESTUDO ARREDOR DA CATEDRAL DE SANTIAGO CARA AO XACOBEO 2021

- *O Consello da Xunta autoriza un convenio entre ambas as entidades para a realización e posterior publicación dunha ambiciosa investigación sobre o santuario, meta do Camiño de Santiago e Patrimonio Mundial*
- *O traballo permitirá unha comprensión integral do templo, enriquecida polos descubrimentos e coñecemento xerados coa actual restauración*

Turismo de Galicia e Catedral de Santiago colaborarán na realización da maior obra de estudo sobre o santuario compostelán editada ata agora. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración que, como parte da programación do Xacobeo 2021, permitirá levar a cabo unha ampla e rigorosa publicación coa participación de especialistas de distintas disciplinas.

O traballo, que se publicará en dous volumes, propiciará unha comprensión integral do templo despois do profundo proceso de restauración que está a vivir nos últimos anos. Precisamente se enriquecerá coas numerosas achegas e os avances obtidos neste proceso, no que se están a realizar descubrimentos e a xerar un coñecemento que agora será aproveitado para completar o acervo deste monumento, meta do Camiño de Santiago e que forma parte do casco vello de Santiago de Compostela, Patrimonio Mundial da Unesco desde 1985.

A obra compilatoria contribuirá a unha comprensión integral da Catedral de Santiago, unha referencia a nivel internacional no seu eido pola súa factura e polo seu simbolismo. Os novos estudos explicarán a complexidade e calidade do proceso construtivo do conxunto, as circunstancias e evolución ao longo dos séculos e da relación material e inmaterial existente entre o templo, a cidade e o Camiño de Santiago. Un fito das escasas aproximacións integrais á basílica foi o traballo de K. J. Conant, o antecedente que anima este proxecto que quere ser tamén unha homenaxe ao meritorio empeño do investigador medievalista.

Na realización da obra, que comezará este mesmo verán con tempo suficiente para a súa publicación no contexto do Ano Santo 2021, participará un amplo equipo que será integrado por historiadores, historiadores da arte, arqueólogos, arquitectos ou restauradores, entre outros, e cuxos textos veranse potenciados pola reflexión compartida con outras disciplinas humanísticas e teolóxicas.

Plan director do Camiño de Santiago

Este proxecto forma parte das actividades previstas cara ao Xacobeo 2021, unha celebración que constitúe, para todos os galegos, unha oportunidade de potenciación

da Comunidade, así como de promoción e de reforzamento da dimensión internacional dos Camiños de Santiago e do resto de Galicia, e comporta un amplo despregamento de actuacións en distintos ámbitos.

Ao amparo do Plan director do Camiño de Santiago, iniciado en 2015 cun orzamento de máis de 56 millóns de euros, Turismo de Galicia vén traballando en liñas estratéxicas como o fomento da investigación e a divulgación do propio Camiño e da cultura xacobeá, o fortalecemento de Santiago de Compostela como meta das distintas rutas ou a colaboración entre a Xunta e a Igrexa.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DO NOVO CONTRATO DE XESTIÓN DO CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS 112 GALICIA

- *O importe ascende a máis de 7,5 millóns de euros e permitirá un aumento de persoal e melloras nas áreas de formación, tecnoloxía e comunicación*
- *Reforzase a sección de coordinación de cara á integración de servizos que se está a acometer no edificio CIAE 112 da Estrada*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación do novo contrato de xestión do Centro de Atención ás Emerxencias 112 Galicia (CIAE 112 Galicia). O importe ascende a máis de 7,5 millóns de euros e o período inicial de prestación é de dous anos. Comprende a xestión operativa do número único de emerxencias 112 en Galicia durante as 24 horas os 365 días do ano, así como o soporte tecnolóxico do CIAE 112.

A licitación permitirá melloras no servizo. A evolución durante os últimos anos mostra un incremento no número de chamadas que se reciben no 112, así como do número de intervencións que se xestionan desde o novo edificio construído na Estrada.

Así, na licitación de 2014 prevíanse 84 traballadores para a prestación do servizo. Non obstante, agora prevense 93 debido ao reforzo de varias áreas. Por exemplo, aumenta o persoal da sección de coordinación, como consecuencia da integración de servizos que se está a acometer no edificio do CIAE 112.

Tamén se reforzará a parte de formación (atendendo á importancia da actualización de coñecementos dos traballadores que prestan o servizo), o da área tecnolóxica (polo avanzado dos sistemas nas instalacións da Estrada) e o de comunicación, xa que resulta necesario potenciar o uso das redes sociais e da web corporativa, co fin de mellorar a difusión e recepción de información. Ademais, o novo contrato incluírá a actualización e mellora salarial dos últimos anos do persoal que xa opera no centro.

O número 112 permite a calquera cidadán recibir resposta nunha situación de urxencia ou emerxencia, independentemente da súa tipoloxía e da Administración pública da que dependan os organismos necesarios para a intervención.

Xunto ao mencionado labor de atención telefónica, o CIAE 112 coordina a execución de simulacros con diferentes colectivos, emite consellos preventivos para asegurar o benestar das persoas e bens, comunica os fenómenos adversos meteorolóxicos, realiza actividades de divulgación orientadas ao uso responsable do número de emerxencias ou organiza visitas ás instalacións da Estrada

O centro CIAE 112 da Estrada, no que se investiron algo máis de 12 millóns de euros, acolle 77 postos iniciais de atención directa, o que supuxo incrementar nun 125% a atención de resposta ao cidadán. Ademais, as instalacións dispoñen dos recursos materiais e técnicos necesarios para prestar unha resposta integral ás emerxencias, grazas á integración doutros operadores.

Paralelamente, permite aproveitar as sinerxías coa Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), o que unifica nun mesmo espazo a atención, a xestión e formación das emerxencias, un aspecto pioneiro a nivel estatal.

A XUNTA INTEGRA OS AXENTES AMBIENTAIS NA REDE DIXITAL DE EMERXENCIAS, Á CAL XA SE PODEN ADHERIR ORGANISMOS PÚBLICOS ESTATAIS

- *Resgal integra nun mesmo sistema a todos os colectivos de emerxencias e seguridade da Xunta, os consorcios de Bombeiros e a 116 concellos galegos*
- *Conta con servizos avanzados que a converten na referencia máis moderna de España neste tipo de redes*
- *Grazas ao reforzo das súas infraestruturas, Resgal ampliou o seu radio de acción acadando o 90% do territorio e o 96,5% da poboación*
- *Dá soporte á Rede de vixilancia forestal, que se está a despreparar como un instrumento de apoio ao labor de detección, prevención e seguimento de incendios*

A Xunta de Galicia integra na Rede dixital de emerxencias de Galicia (RESGAL) aos axentes ambientais con 381 terminais, dependentes da Consellería de Medio Ambiente, que pasan a empregar este sistema único para todos os colectivos que participan na resolución de emerxencias na Comunidade. Ademais, a Rede, xestionada polo operador público Retegal, dependente da Amtega, abre a posibilidade de que se adhiran a ela organismos públicos de ámbito estatal.

Resgal, froito dun convenio de colaboración entre a Consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería do Medio Rural, a Amtega e a entidade pública estatal Red.es, entrou en funcionamento en 2015 para posibilitar a interconexión segura entre todos os colectivos de emerxencias, mellorando a súa coordinación, empregando a tecnoloxía máis avanzada neste tipo de redes

Unha rede única con máis de 5.300 terminais

Xa están a empregar Resgal efectivos da Axega, da Policía Autonómica, do 061, do 112, do Servizo de Protección e Defensa contra Incendios Forestais, dos consorcios de bombeiros, e efectivos de emerxencias de 116 concellos, que xa se adheriron á Rede.

Estes efectivos empregan dispositivos móbiles adaptados a condicións extremas. A Administración autonómica adquiriu xa máis de 5.348 terminais.

Máis cobertura

Entre os anos 2016 e 2017 incrementouse a cobertura poboacional e territorial de Resgal, facendo especial fincapé nas zonas con máis risco de incendio. A instalación de 25 novas estacións radio base, 4 repetidores e unha nova estación transportable permitiron reducir nun 34% as zonas de sombra no conxunto da Comunidade e en máis dun 44% nas 565 parroquias identificadas como de alto risco de incendio.

O reforzo das infraestruturas de Resgal ampliou o seu radio de acción acadando o 90% do territorio e o 96,5% da poboación. Con esta medida, ademais da mellora en zonas rurais, incrementouse a cobertura da Rede en núcleos de poboación de máis de 1.000 habitantes e nos Hospitais da Barbanza e Burela. Resgal conta con cobertura plena nas 7 grandes cidades e garante unha cobertura moi alta nas principais vías de comunicación, portos, aeroportos e zonas industriais de especial risco.

Tecnoloxía de última xeración

REsgal emprega tecnoloxía TETRA, a máis punteira para este tipo de comunicacións, que garante a súa dispoñibilidade cando o resto de redes de telefonía móbil se colapsa. Este sistema caracterízase pola súa fiabilidade incluso en situacións extremas ou de saturación.

A diferenza dos sistemas convencionais posibilita a realización de chamadas en grupo, tanto dentro dunha mesma organización, como entre dispositivos de distintas organizacións que nun momento dado poidan estar traballando conxuntamente nunha mesma emerxencia.

Estes sistema permite multiplicar por 5 a velocidade de datos con respecto ás redes de emerxencia habituais e posibilita a incorporación de diversos servizos como a xeolocalización en tempo real da posición de todos os dispositivos de emerxencia vía GPS. Ademais, permite a consulta de bases de datos, a gravación de conversas e o encriptado das comunicacións, garantindo a súa confidencialidade.

Rede de vixilancia forestal

Estas características converten a rede de Galicia na referencia máis moderna en España, que, ademais, dá soporte á Rede de vixilancia forestal, que se está a despregar como un instrumento de apoio ao labor de detección, prevención e seguimento de incendios. A Rede de vixilancia forestal cobre máis do 54% do territorio de Galicia, especialmente en parroquias de alta actividade incendiaria.

Nesta primeira fase instalaranse cámaras en 44 centros de telecomunicacións do operador público Retegal, que facilitarán cobertura visual de máis de 1,5 millóns de hectáreas, máis da metade do territorio galego, incluíndo terreos das 73 parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI) definidas así no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) da Consellería do Medio Rural.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONVOCATORIA DAS AXUDAS AO ALUGAMENTO POR IMPORTE DE 14,8 MILLÓNS DE EUROS

- *A orde publicarase de inmediato no Diario Oficial de Galicia e as solicitudes poderán presentarse xa na próxima semana*
- *Haberá dúas liñas de axudas: unha con carácter xeral e outra destinada a menores de 35 anos*
- *A axuda será do 40 por cento do custo do alugueiro con carácter xeral e do 50% cando se trate de maiores de 65 anos ou menores de 35*
- *As subvencións poderán desfrutarse ata tres anos e concederanse con carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2018*
- *Coa aprobación desta orde a Xunta avanza os trámites para a concesión das axudas en tanto o Ministerio de Fomento non formaliza os acordos coas autonomías para a repartición dos fondos do Plan estatal de vivenda*

A Xunta de Galicia destinará un total de 14,8 millóns de euros a axudas para o pagamento do alugamento de vivendas, segundo establece a orde da consellería de Infraestruturas e Vivenda que hoxe aprobou o Consello da Xunta e que se publicará de inmediato no Diario Oficial de Galicia. Estas axudas inclúense no Plan de vivenda 2018-2021 e distribúense nas anualidades de 2018, 2019, 2020 e 2021 ao concederse por un prazo de ata tres anos.

Coa aprobación desta orde a Xunta avanza os trámites para a concesión das axudas en tanto o Ministerio de Fomento non formaliza os acordos coas autonomías para a repartición dos fondos do Plan estatal de vivenda.

A convocatoria de axudas ao alugamento de 2018 inclúe dúas modalidades, unha dirixida con carácter xeral a toda a poboación que cumpra os requisitos establecidos e outra específica para menores de 35 anos.

En ambos os dous casos, as axudas destinaranse a subvencionar o custo do alugamento da vivenda que constitúa o domicilio habitual e permanente dos beneficiarios durante todo o período de concesión destas.

Axudas

A contía das axudas xerais será do 40 por cento da renda mensual, agás para aquelas persoas que na data de presentación da solicitude teñan máis de 65 anos, en cuxo caso a axuda será do 50 por cento da renda mensual.

No caso das axudas á mocidade sen importe será do 50 por cento da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento.

Nos dous casos as axudas concederanse por un prazo de tres anos, sempre e cando os beneficiarios soliciten as prórrogas correspondentes acreditando que continúan cumprindo os requisitos establecidos.

As axudas terán carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro de 2018 para os solicitantes que presenten un contrato desa data ou anterior. Para contratos posteriores, a axuda concederáse dende a data de efectos económicos deste.

Os solicitantes das axudas ao alugamento deberán acreditar que os ingresos das persoas que compoñen a unidade de convivencia están comprendidos no intervalo entre 0,7 e 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), coas seguintes excepcións:

- Familias numerosas de categoría xeral ou persoas con determinadas discapacidade establecidas na orde. Nestes casos, o límite máximo de ingresos será de catro veces o IPREM.
- Familias numerosas de categoría especial ou persoas con discapacidade dalgún dos tipos indicados na orde. O límite máximo de ingresos será de cinco veces o IPREM.

Requisitos das vivendas alugadas

Para acceder a estas axudas o importe do alugueiro que pagan os seus beneficiarios non poderán superar os seguintes máximos:

Zona territorial	Importe da renda mensual de alugamento	Concellos
Prezo máximo superior	500€	A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.
Zona territorial 1	400€	Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba, e Viveiro. Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño,

		Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.
Zona territorial 2	300€	O resto de concellos de Galicia

A XUNTA CONVOCA UNHA NOVA EDICIÓN DAS UNIDADES FORMATIVAS PARA CUALIFICAR 2400 TRABALLADORES E DESEMPREGADOS NAS EMPRESAS GALEGAS

- *Esta iniciativa súmase á primeira edición destes programas que se acaban de resolver polo que, en global, a Xunta apoiará con 9,5M€ este ano a formación de 5600 persoas en 577 cursos a través das dúas convocatorias*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá 4 millóns na segunda edición, un orzamento co que estima poñer en marcha 245 novas unidades*
- *Destinará, dunha banda, 1,8 millóns de euros para formar a 900 persoas sen emprego en 60 unidades formativas, obtendo como mínimo un contrato o 40% dos participantes (360)*
- *Financiará, doutro lado, con 2,25 millóns, a posta en marcha de 185 cursos dirixidos a 1500 ocupados*
- *A actuación enmárcase na Axenda 20 coa que a Administración autonómica está impulsando o emprego estable e de calidade*

A Xunta convocará nas próximas semanas unha nova edición das unidades formativas na empresa, unha iniciativa coa que a Consellería de Economía, Emprego e Industria financia o 100% da formación permitindo atender as demandas reais do tecido produtivo galego. Deste xeito, as segundas convocatorias dos programas para ocupados e desempregados, que proximamente se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), contan cun orzamento de 4 millóns de euros para formar a 2400 traballadores e persoas sen emprego en 245 unidades formativas. Do que se trata con esta medida é de dar resposta aos novos perfís profesionais que están xurdindo do novo modelo económico baseado nas novas tecnoloxías.

Nas unidades formativas na empresa para desempregados investiranse 1,8 millóns para formar a 900 parados a través de 60 unidades. Doutra banda, para cualificar a 1500 ocupados destinaranse 2,25 millóns de euros para poñer en marcha 185 cursos.

A iniciativa súmase á primeira edición destes programas que se acaban de resolver, polo que, en global, o Goberno galego apoiará este ano a través das dúas convocatorias -cun orzamento de 9,5 millóns de euros- a formación de 5600 persoas a través de 577 cursos.

Trátase do programa de formación á carta que se imparte en empresas máis ambicioso de todo o Estado e que se enmarca na Axenda 20, a folla de ruta coa que o Goberno galego está impulsando o emprego estable e de calidade. Esta iniciativa tamén dá resposta aos obxectivos da Axenda Industria 4.0, que ten como un dos seus retos

principais que o sistema formativo se oriente á realidade do tecido industrial, é dicir, á revolución tecnolóxica en que está inmerso o tecido produtivo galego.

As bases da segunda convocatoria das dúas iniciativas son similares ás da primeira. No caso do programa para desempregados, a actuación inclúe por parte do tecido empresarial un compromiso de contratación de polo menos o 40% dos alumnos e alumnas que participen na medida, polo que nesta segunda edición un mínimo de 360 persoas recibirán un contrato laboral.

A Xunta, ademais, apoiará as compañías nas contratacións cando superen o compromiso fixado do 40%. Os contratos indefinidos financiaranse con axudas de entre 7000 e 16.000 euros. As contías máximas outórganse para os colectivos con especiais dificultades para atopar un emprego como son os parados de longa duración, persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, mulleres, maiores de 45 anos e emigrantes retornados. Tamén se bonifica con máis apoio nas contratacións cando a empresa está emprazada no rural galego.

O principal requisito das unidades formativas na empresa para ocupados é que as empresas pertencen a algún dos sectores considerados estratéxicos na Axenda Industria 4.0. As áreas máis destacadas son silvicultura, transformación da madeira, fabricación de compoñentes electrónicos e ordenadores, automoción, naval, aeronáutica, fabricación de mobles, edición de programas informáticos e telecomunicacións e actividades relacionadas coa informática.

Primeira convocatoria

O Goberno galego informou a semana pasada da resolución da primeira convocatoria destes programas cos que se porán en marcha nas próximas semanas 332 unidades formativas en 83 empresas galegas para cualificar á carta a 3200 traballadores e persoas desempregadas. O investimento é de 5,4 millóns.

Tras a primeira resolución cualificarase a máis de 1000 persoas do sector naval a través de 139 cursos; máis de 800 da automoción en 66 unidades; 430 do sector TIC por medio de 51 accións; e preto de 340 no metal en 31 unidades. Así mesmo, outros sectores emerxentes e estratéxicos da economía galega que contarán con cualificación á carta son o aeronáutico, o forestal, a pedra e a lousa, o téxtil, o sociosanitario, as enerxías renovables, o de conservas e o vinculado ao plástico e envases.

Na primeira edición, por proposta das propias firmas, deseñáronse 27 programas de formación á carta que foron aprobados polo Estado. Así, grazas á iniciativa da Xunta, haberá 27 novos itinerarios formativos, axeitados ás necesidades produtivas, que agora terán validez en toda España. Cabe destacar dúas novas especialidades de

soldadura e unha programación avanzada en robótica industrial e técnicas de automatización. No sector naval aprobáronse cursos de electricista, de aplicador, de servizos auxiliares no estaleiro, de climatización e ventilación.

As unidades formativas na empresa é un programa de cualificación que se suma ao específico en Formación 4.0, do cal se informou tamén hoxe no Consello da Xunta, que permitirá cunha mobilización de arredor dun millón de euros a capacitación de 1000 técnicos, cadros intermedios e directivos para acelerar a dixitalización das pemes galegas.

A XUNTA RENOVA OS CONVENIOS CON MANZANEDA, OROSO E PONTEAREAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR A 221 USUARIOS

- *Incrementáanse nun 33% as prazas de comedor no CEIP Camiño Inglés e nun 5% as do CEIP Fermín Bouza Brey*
- *Ademais, renóvase o acordo con Aspanaes para facilitar o transporte escolar a 81 alumnos con necesidades específicas de atención educativa*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará os convenios de colaboración asinados cos concellos de Manzaneda, Oroso e Ponteareas para a prestación do servizo de comedor escolar a 221 usuarios, por un importe de 144.180 euros. Así mesmo, subscribírase unha addenda ao acordo de colaboración coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes) para facilitar o transporte escolar a 81 alumnos con necesidades específicas de atención educativa, o que suporá unha achega de 263.708,12 euros por parte do Goberno galego.

A través destas accións a Xunta de Galicia favorece a conciliación da vida escolar e familiar e reforza o seu apoio aos concellos que decidiron facerse cargo da xestión deste servizo complementario. En concreto, os acordos refírense ao CEIP de Manzaneda (26 usuarios), do CEIP Camiño Inglés (Oroso, que incrementa nun 33% o número de usuarios, ata os 100) e do CEIP Fermín Bouza Brey (Ponteareas, que incrementa nun 5% o número de usuarios, ata os 95).

No marco destes acordos de colaboración, a Consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométese á contratación da elaboración e servizo dos menús escolares, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

Atención personalizada

No caso da addenda que se asinará con Aspanaes, a colaboración encádrase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares.

Así, a addenda cobre os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios de 81 rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo

obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

Cómpre lembrar que este acordo se suma aos xa autorizados con 10 entidades de atención a persoas con discapacidade para este mesmo fin, sumando un total de 276 usuarios e un investimento de 838.455,02 euros ao conxunto destes acordos.

GALICIA SITÚASE COMO COMUNIDADE PIONEIRA COA POSTA EN MARCHA DUNHA ESTRATEXIA PARA IMPULSAR A INNOVACIÓN E A COMPETITIVIDADE NO TECIDO EMPRESARIAL A TRAVÉS DO DESEÑO

- *O programa Deseño para a Innovación 2020, impulsado pola Xunta a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, incorpora o deseño industrial, gráfico, de produto, organizacional, dixital e multimedia na aposta por favorecer o crecemento das empresas galegas*
- *Os seus obxectivos son facer do deseño un factor estratéxico, capacitar as empresas e emprendedores para que apliquen a innovación nos seus negocios e poñer en valor a figura do deseñador industrial como elemento de competitividade e no que participen todos os axentes do sistema*
- *Adoptaranse medidas como a creación dunha rede de axentes de deseño, a elaboración dun mapa de axudas e accións de formación e implementación nas empresas*
- *A primeira actividade será a celebración do I Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial, no CIS Galicia de Ferrol o próximo 28 de xuño*
- *Esta nova folia de ruta en materia de deseño enmárcase dentro do novo Plan Galicia Innova 2020*

Galicia converterase na primeira comunidade autónoma en definir unha política pública de promoción do deseño coa posta en marcha do programa *Deseño para a Innovación 2020*, unha iniciativa pioneira que pretende impulsar a innovación e a competitividade do tecido empresarial galego.

A través dun investimento de preto de 2,1 millóns de euros ata 2020, esta nova estratexia impulsada desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria, pretende incorporar e sistematizar tanto o deseño industrial como o gráfico, de produto, organizacional, dixital e multimedia dentro do compromiso por favorecer o crecemento das empresas galegas.

Con esta aposta, a Xunta adiantase a unha necesidade que é obxecto de consenso a nivel internacional e que se está a impulsar desde Europa como ferramenta que complementa a innovación, capaz de garantir a competitividade empresarial, o crecemento económico e o benestar social, xa que as empresas que incorporan o deseño na súa estratexia de negocio crecen o dobre ao permitir dar un salto cualitativo na facturación, no acceso a novos mercados e na produtividade das empresas.

Neste sentido, enténdese deseño desde a súa orientación aos usuarios e como un elemento para atopar novas solucións tanto para a sociedade como para as empresas ao proporcionar produtos e servizos atractivos e doados de usar que dan resposta ás

necesidades dos cidadáns do futuro. Na actualidade, en Europa existen máis de 400.000 deseñadores que xeran un volume anual de 36.000 millóns de euros.

O novo programa ten tres obxectivos básicos: mellorar o coñecemento e comprensión do deseño como un factor estratéxico para a innovación e a competitividade empresarial que vai máis aló do seu valor estético; capacitar empresas e emprendedores para que invistan en deseño e promovan a innovación en novos produtos, servizos, procesos e estratexias de negocio; e poñer en valor a figura do deseñador industrial como elemento clave na diferenciación das empresas. Deste xeito, Galicia gañará en competitividade, grazas a compañías máis innovadoras e con persoal máis cualificado, para crear máis riqueza, emprego e calidade de vida.

Estes obxectivos cumpriranse a través do desenvolvemento das once áreas de acción definidas que son a análise do deseño en Galicia, coa elaboración dun mapa de axudas; a creación e dinamización dunha rede de axentes de deseño para promover a colaboración entre este sector, as empresas e os emprendedores; a difusión e divulgación do traballo dos deseñadores a través de diferentes accións como campañas de sensibilización, foros ou feiras, entre outros; a formación para empresas, desde demostracións de novos materiais a asesoramento en temas de protección; implementación do deseño nas empresas, creando alianzas e a liña ReAcciona Innovación; o establecemento de apoios que respondan ás necesidades en materia de deseño das compañías; emprendemento, coa incorporación das metodoloxías do deseño ás redes de aceleradoras e potenciando o papel dos deseñadores nas *startups*; o fomento do talento e o emprego; a incorporación do deseño na Administración pública, así como a aposta pola comunicación e a creación dun premio galego de deseño para a innovación.

Primeira iniciativa

A primeira das accións desenvolverase este mesmo mes de xuño coa celebración do / *Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial* que terá lugar no CIS Galicia de Ferrol, o 28 de xuño.

A nova iniciativa realizarase en paralelo a outras medidas nas que a Xunta xa está participando a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), como os proxectos europeos *Design4 Innovation* -no que traballan outros sete países europeos co obxectivo de chegar a 1600 pemes e dentro do que se celebrou, este inverno, o concurso de *Casos de éxito de deseño en Galicia* a través do que se seleccionaron os proxectos das empresas Formato Verde e Norvento- e *User Factor*, con máis de 200 pemes participantes para a transferencia de programas de apoio, entre axencias rexionais de innovación de Reino Unido, Irlanda, Francia, Portugal e España.

Deseño para a Innovación 2020 enmárcase dentro do novo Plan Galicia Innova 2020 que no eixo estratéxico dedicado á innovación e ao emprendemento fai unha mención específica á posta en marcha dun programa propio para fomentar a incorporación do deseño nas empresas que se plasma nesta nova iniciativa do Goberno galego. Este programa pioneiro a nivel estatal tamén ten en conta as directrices da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) que establece, no reto 2, a diversificación dos sectores tractors galegos mediante o desenvolvemento de estratexias baseadas na diferenciación mediante o deseño e a innovación do produto.

A XUNTA IMPULSA MÁIS DE 430 PROXECTOS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E RENOVABLES QUE PERMITIRÁN UN AFORRO SUPERIOR AOS 110 M€

- *O Inega vén de resolver apoios que van mobilizar 30 millóns de euros e contribuír á creación ou mantemento de máis de 250 postos de traballo*
- *A través desta iniciativa destinada a empresas e administracións públicas instalaranse equipos de aerotermia, xeotermia e biomasa, ao tempo que se promove a realización de auditorías e proxectos de aforro*
- *Estas actuacións van permitir deixar de emitir á atmosfera 25.700 toneladas de CO₂ ao ano, o equivalente á acción de 1.285.000 árbores*
- *As axudas enmárcanse nas directrices enerxéticas de Galicia, que buscan mellorar a calidade de vida dos cidadáns e a competitividade do tecido empresarial, mobilizando 3000 millóns de euros ata 2020 e creando 12.000 empregos*

A Xunta concedeu apoios a un total de 432 proxectos de eficiencia e enerxías renovables en empresas, entidades sen ánimo de lucro e na Administración local que van permitir un aforro anual na factura enerxética dos beneficiarios de máis de 110 millóns de euros durante a vida útil das instalacións.

Estas actuacións, apoiadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), e que contribúen a incrementar a competitividade do tecido empresarial ao tempo que redundan nunha redución de custos nos concellos, contarán cunha axuda pública de 7,75 millóns de euros, que permitirá mobilizar arredor de 30 millóns de euros e contribuír á creación ou mantemento de máis de 250 postos de traballo. Ademais, estas iniciativas van ter un importante impacto ambiental, permitindo deixar de emitir á atmósfera 25.700 toneladas de CO₂ ao ano, o equivalente á acción de 1.285.000 árbores.

Dunha banda, a través do programa de impulso ás enerxías renovables en empresas, institucións sen ánimo de lucro e administración local, desenvolveranse máis de 200 proxectos de instalación de equipos de biomasa, aerotermia, solar térmica e xeotérmica.

Por outro lado, mediante a convocatoria para impulsar o aforro en industria, servizos e sector agrícola primario, promóvense un total de 232 auditorías, sistemas de xestión enerxética, e proxectos de aforro e eficiencia. Nestes últimos, inclúense desde a instalación de plantas fotovoltaicas de xeración eléctrica para autoconsumo, a renovación de maquinaria industrial de proceso e de instalacións auxiliares como compresores de aire ou equipos de frío, instalacións de aproveitamento de enerxía aerotérmica para climatización e proceso, substitución da iluminación por tecnoloxía

LED ou a implantación de equipos de medida e sistemas de procesado avanzado de datos asociados a actuacións de optimización do consumo enerxético.

Os dous programas de cuxa resolución foi informado hoxe o Consello da Xunta complementábase cunha convocatoria específica destinada á implantación de enerxías renovables nos fogares galegos, dotada con máis de 6 millóns de euros e que se atopa neste momento en fase de avaliación de solicitudes.

Estas iniciativas enmárcanse nas novas Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020, a través das cales se busca mellorar a calidade de vida dos galegos –mediante o abaratamento dos custos e o aumento da calidade da subministración– e a competitividade do tecido empresarial, apostando pola eficiencia e a potenciación das enerxías renovables de carácter autóctono. A través desta folla de ruta, búscase mobilizar máis de 3000 millóns de euros no sector enerxético ata 2020 e impulsar a creación de 12.000 empregos.

A XUNTA IMPULSA A FORMACIÓN DE 1.000 TÉCNICOS, CADROS INTERMEDIOS E DIRECTIVOS PARA ACELERAR A DIXITALIZACIÓN DAS PEMES GALEGAS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través de dous programas, concedeu axudas que mobilizan un millón de euros para capacitar ao capital humano e directivo das empresas para a nova fábrica intelixente*
- *Apoia, dunha banda, a realización de 41 cursos que achegarán formación especializada para que o tecido empresarial avance cara á Industria 4.0*
- *A Xunta facilita tamén, a través dunha iniciativa pioneira, a realización de 15 cursos nos que participarán un mínimo de 90 empresas co obxectivo de xerar iniciativas ou proxectos de dixitalización*
- *Estas actuacións de formación reforzan o desenvolvemento da Axenda Industria 4.0, que xa beneficiou a 4.200 empresas*

A Xunta concedeu axudas que mobilizan investimentos por valor de arredor dun millón de euros para facilitar a capacitación e a especialización de preto dun milleiro de técnicos, cadros intermedios e directivos das pemes galegas en tecnoloxías e procesos da Industria 4.0, e para a xeración de ideas e proxectos –entre grupos de empresas ou compañías por separado– co fin de acelerar a dixitalización do tecido produtivo.

A Administración autonómica, deste xeito, dá un novo pulo aos avances na capacitación do capital humano das empresas, un aspecto esencial para mellorar a súa competitividade e facilitar a súa adaptación aos cambios mediante a incorporación de tecnoloxías innovadoras.

Os apoios inclúen accións a través de dous programas: de formación 4.0 para técnicos e cadros intermedios das empresas para incorporar coñecemento; e programas de dixitalización para directivos para a difusión ou descubrimento de oportunidades. Inclúese cualificación en ámbitos como a robótica e a robótica colaborativa, empresas saudables, e eidos como o *desing thinking*, a innovación aberta e o movemento *maker*.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do programa Formación 4.0, apoiará a realización de 41 cursos que achegarán a preto dun milleiro de alumnos vinculados a pemes galegas (empregados, autónomos, empresarios, socios ou administradores) formación especializada no escenario da Industria 4.0.

As accións formativas facilitarán o desenvolvemento de cursos organizados por 20 organismos intermedios de carácter empresarial que abordarán temarios como a automatización, a internacionalización sobre canles dixitais, novos modelos de negocio no ámbito 4.0, capacitación na dixitalización, robótica colaborativa, manexo de

sistemas aéreos non tripulados, internet industrial das cousas, ciberseguridade ou loxística 4.0.

Entre os organismos intermedios que desenvolverán este ano cursos de formación 4.0 figuran Anfaco, os clusters Alimentario de Galicia, da Madeira e o Deseño, do Produto Gráfico, o Clúster TIC, o Clúster do Audiovisual, Conxemar, Ceaga, a Fundación Cupa e diferentes asociacións empresariais e colexios técnicos profesionais.

Por sectores, e segundo o número de persoas que se van formar, destaca a construción (195 alumnos), seguido do ámbito aeronáutico/metalmecánico (178), da automoción (102), enxeñaría (76), TIC/audiovisual (57), pedra natural (55) e madeira (48).

O compromiso dos principais clusters galegos coas iniciativas colectivas de formación 4.0 e os programas de difusión vai ser fundamental para que os sectores estratéxicos da economía galega avancen con axilidade e seguridade na implantación da industria intelixente.

Dixitalización

Por outra banda, e ao abeiro dunha iniciativa pioneira, a Xunta apoiará a realización de 15 cursos nos que participarán un mínimo de 90 empresas co obxectivo de promover sinerxías entre directivos e xerar iniciativas ou proxectos colaborativos de investimento orientados á transformación dixital das pemes galegas.

Os clusters da automoción (Ceaga), do TIC e do audiovisual promoverán en cada caso tres programas nos que participarán un mínimo de seis empresas en cada un. Tamén organizarán accións o Clúster da Madeira e Asime, así como varias asociacións sectoriais e territoriais.

Desenvolveranse, entre outros, actuacións sobre contidos en realidade virtual con capacidades interactivas para aplicar en contornos educativos; sobre explotación dos contidos dixitais na industria galega; boas prácticas no eido da Industria 4.0; sobre as aplicacións 4.0 na industria da pedra natural; a dixitalización como ferramenta de mellora continua, ou accións de interconexión automatizada.

Estas dúas iniciativas de formación, difusión e asesoramento avaliadas hoxe polo Consello da Xunta reforzan o desenvolvemento da Axenda Industria 4.0 que está a impulsar a Consellería de Economía, Emprego e Industria e que xa ten beneficiado 4.200 empresas.